

**COMITÉ DE APELACIÓN**  
**FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**

Recurso de Apelación: 1/ 2425  
Solicitante: Balonmán Chapela

**RESOLUCIÓN**

Visto o recurso de apelación presentado polo Balonmán Chapela, en data 25/10/2024, no que solicita a revogación da resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na acta 2324/36 de 30 de maio, por non estar de acordo con el apercibimiento.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** O 24 de outubro de 2024 O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2425/09 acorda apercibir o clube Chapela en aplicación do artigo 53 A do RRDG.

**SEGUNDO.-** Apercibimento que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### **PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida.**

O recurso non aporta proba en contra da acta, en ningún caso se proba que o recollido na acta é falso de feito recoñecen os feitos xustificando que xa os reprobaron.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

*“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”*

*“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”*

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, a acta recolle insultos e se sanciona nese senso, que ademáis o clube recoñece ios feitos.

### **SEGUNDO.- Correcta aplicación do regulamento.**

Existindo o insulto e reflectido na acta, o Comité prevaricaría se non aplica o Regulamento, poderíase considerar un trato de favor, discriminatorio incluso dos clubes.

Tense en conta a actitude do Delegado, de feito recóllese na Acta do Comité de disciplina, tense en conta a disculpa do xogador e actitude do clube, porque poderíase ter sancionado en lugar de apercebir.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

## RESOLVE

**DESESTIMAR** o recurso interposto por Balonmán Chapela contra a Acta nº 2425/09 que acorda apercibir ao clube, **CONFIRMANDO** a devandita resolución.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 11 de novembro de 2024  
A Presidenta do Comité de Apelación  
Asdo. Laura González Solla